

# O SOL DO FUTURO

Nanni Moretti, 2023

# 1170

ESTREA EN NUMAX: 15.09.2023 | V.O.S.E. | +7 | 95 min

Giovanni (Nanni Moretti), un coñecido cineasta italiano, prepárase para rodar o seu novo filme. Pero entre a súa parella en crise, o seu produtor francés ao borde da quebra e a súa filla que non lle fai caso, todo se pon na súa contra! Sempre no límite, Giovanni vai ter que considerar a súa maneira de facer as cousas, se quere conducir a todo o seu pequeno mundo cara a un futuro brillante.

## «Musical e divertida»

Elsa Fernández-Santos, EL PAÍS



## Un filme de alguén que non quere renderse

Por Àngel Quintana

Nas últimas páxinas dos seus *Diarios* Cesare Pavese escribe: “Isto dá demasiado noxo. / Palabras non, un xesto. Non escribirei máis.” Un día despois suicidouse e Italo Calvino dixo que Pavese se quitara a vida para axudar a vivir aos demais. Nanni Moretti cita no seu último filme a reflexión de Calvino, mentres deseña un hipotético final trágico. Como no final de *Oito e medio* de Fellini, na Italia actual o camiño cara o pesimismo tamén existe, como nos anos sesenta, e a identidade féndese ante o presente. Fellini cambiou o hipotético final de *Oito e medio* e buscou nos *clowns*, o circo e o desfile algo que abrise un camiño cara o sol do futuro. Nanni Moretti tamén cre no circo, no desfile e no futuro.

Pero vaíamos por partes. *Il sol dell'avvenire* lémbra-nos que había unha vez un país chamado Italia no que preto de dous millóns de persoas estaban afiliadas ao Partido Comunista. Hoxe, os mozos esquecérono e algúns cren que iso dos comunistas só era cousa da antiga Unión Soviética. Giovanni, un cineasta que fai filmes cada cinco anos e que no sofá da súa casa goza vendo *Lola* de Jacques Demy coa súa filla, quere facer un filme sobre os anos do comunismo. Naquel tempo Italia cría e era prisioneira das ideoloxías. Palmiro Togliatti, secretario do partido comunista, era incapaz de criticar o estalinismo e os militantes do PCI calaban. O seu silencio agochaba unha frustración, xa que a ideoloxía era un dogma, aínda que o desexo de liberdade e a loita colectiva estaba no corazón do pobo. Neses anos o cinema existía. (...) *Il sol dell'avvenire* é un filme político, quizais o mellor de todos os filmes posibles sobre o presente, pero tamén é unha obra de despedida sen tristeza que deixa atrás un mundo -o propio cinema de Nanni Moretti- pero en vez de mirar o pasado busca o sol do futuro, algo que se proxecta cara unha utopía no medio dun tempo de distopía. Un filme de alguén que non quere renderse.

Moretti podía construír un filme nostálxico sobre aquilo que se acaba, evita admirablemente toda nostalgia e toda mirada críptica. Ao longo do filme deixa atrás moitas cousas. O cinema deixou de ser o que fora e pasou a ser a outra cousa. (...) E a desmemoria enche un baleiro no que a cultura foi sucumbindo, como a política, os ideais e o amor. A xente só é capaz de reprocharse as cousas e as palabras de esperanza desapareceron do mapa. Na Italia do presente xa non está o partido comunista, o seu goberno está controlado por un partido neofascista. Ante este panorama parece que só queda o lamento, a flaxelación, o medo, o nihilismo ou a impotencia. Moretti evita todas estas solucións e constrúe *Il sol dell'avvenire* como un filme sobre a necesidade de crer sempre na utopía, sobre a importancia da solidariedade e sobre o retorno á moral ante o baleiro estético. Moretti desfila e baila. Fabrizio di André canta a belísima “Canzone dell’amore perduto”, Aretha Franklin é evocada a partir de “Fever” e o pasado está presente en Luigi Tenco e o seu “Lontano, lontano”. A música cura todas as penas e supón un xesto de resistencia. Tamén regresa Franco Battiato, omnipresente na filmografía de Moretti, con “Voglio vederti danzare”. O baile permítenos reencontrar a felicidade perdida, mentres se abren novas vías para repensalo todo. Moretti acaba como Fellini, desfilando, e dinos que só nos iremos a ningunha parte, que é preciso ter principios propios e que xuntos podemos albiscar a esperanza. Como dicía Jaume Sisa, “Qualsevol nit pot sortir el sol... Benvinguts, passeu passeu...” Moretti axúdanos a reconciliarnos con este gastado e decepcionante mundo que nos tocou vivir. A resistir...



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Fellini, ocho y medio*,  
Federico Fellini.  
Feel Films [BD]

*En presencia de Battiato*,  
Eduardo Laporte.  
Silex, 2021

*El oficio de vivir*,  
Cesare Pavese.  
Seix Barral, 2001